

ALTAS CAPACIDADES

1703

Víctor García León, 2025

ESTREA EN NUMAX: 27.03.2026 | V.O. | +16 | 101 min

Alicia e Gonzalo, unha parella de clase media, atópanse coa oportunidade de matricular o seu fillo Fer nun colexio laico de elite. Para os pais supón asomar a cabeza na clase alta, novas amizades, maiores ingresos, vantaxes incontables. Din facelo polo seu fillo. Nesta marabillosa contradición entre os medos e os principios morais, as aspiracións da parella levarán por diante o que, ata entón, crían incuestionable.

«Como 'Padre no hay más que uno' dirixida por Haneke. Moi a favor»

Enric Alberó, EL CULTURAL



Eu non quería escribir esta película

Por Víctor García León, director e coguionista do filme

Altas Capacidades arrinca porque Marisa Fernández Armenteros quería facer algo cunha noticia de 2018, un sospeitoso de narcotráfico morrera na porta dun colexio, asasinado por uns sicarios. E eu non quería facelo porque era un asunto demasiado delicado; eu son pai de dous nenos e meterme en fonduras co tema escolar... non, non era boa idea.

Porque ademais, a historia tiña moitas arestas, moitas implicacións. Por que escollemos un colexio ou outro? Elixímolos para os nosos fillos ou para nós? Por que matriculei a miña filla en clases de fruta traveseira? Canto máis o pensaba, máis complexo, menos evidente, máis divertido e escuro resultaba todo. Como Marisa intuía desde o principio, terminei namorado da historia. Para máis inri, sumouse ao proxecto Borja Cobeaga... e como todo o mundo sabe, Borja é o home máis intelixente de Eurasia.

As vilezas do ser humano

Por Borja Cobeaga, coguionista do filme

Recordo que Víctor García León e Marisa Fernández Armenteros me chamaron cando eu estaba moi atarefado con outro guión. Pero cando souben que querían que escribise unha comedia sobre colexios, non me puideren resistir. Creo que lles dixen algo así como “non teño tempo de facela pero teño que facela”.

Porque xustamente viña dunha longa tempada de elixir colexio para o meu fillo. Visitara colexios públicos, privados, concertados. Vira a clases enteiras poñerse en pé e firmes ao ver entrar a directora do centro, patios de colexio con resonancias carcerarias e outros que imitaban as oficinas das tecnolóxicas de Silicon Valley. Quería imprimir na pantalla a miña peripecia dalgunha maneira.

Cando buscas cole, aflora o peor de ti como pai. As túas inseguridades poden ser medos xustificadas, pero tamén asoma un clasismo que non sabías que existía. Por iso é unha temática marabillosa para explorar as vilezas do ser humano. Admiro de Víctor a acidez da súa mirada. Despois de escribir pola miña conta comedias máis tenras e amables, apetecíame xuntarme con el para facer unha sátira das súas. E a verdade é que nos divertimos esmagando os seus infelices protagonistas.

Textos publicados en bteampictures.es